

## ACTA DO ACORDO DE MELLORAS NAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS

### **Pola Administración**

Julio García Comesaña.- Conselleiro.  
Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos.  
Margarita Prado Vaamonde.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.  
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Selección de Persoal.  
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais.  
Nieves Fiel Paz.- Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional.

### **Polas organizacións sindicais:**

Xosé Francisco Xabier Alvedro Álvarez (CIG)  
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)  
Manuel González Moreira (CIG)  
Lucía Peón Soutiño (CIG)  
Irene Tato Mosquera (CIG)  
María Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)  
María Asunción Maus Gómez (SATSE)  
Judit Fernández Rivas (SATSE)  
Javier González Castro (CCOO)  
Emilia Lamas Seoane (CCOO)  
Eva María Vidal Marcote (CCOO)  
Carlos Castro Rivas (CSIF)  
Manuel González Vázquez (CSIF)  
Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)  
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)  
Yésica López Curbeira (UGT)  
Javier Martínez Fente (UGT)

Nas dependencias da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela, ten lugar unha xuntanza da Mesa Sectorial, con hora de inicio as 10 horas e cos e coas asistentes relacionados á marxe e en cuxa orde do día figura o seguinte punto:

### ***Punto único.- Condicións retributivas.***

Con baseamento no acordado en reunións precedentes, a administración sanitaria presenta estudos comparados das condicións retributivas do persoal estatutario e residente en formación en materia de atención continuada.

Tendo en consideración o índice de ausencias e as dificultades de cobertura das quendas nocturnas e festivas, coa finalidade de incentivar a súa realización, acordase negociar as melloras nas condicións de traballo e retributivas en diversas conceptos e categorías sobre materias principalmente vinculadas a xornada complementaria, gardas, nocturnidade e festividade e xornada, entre outras.

Con baseamento no anterior, a Administración e os sindicatos ACORDAN :

### **A. Gardas, atención continuada, nocturnidade e festividade:**

Incremento dos conceptos anteriores que aplica a todas as categorías profesionais de persoal estatutario e persoal residente en formación que realiza atención continuada ou gardas, nocturnidade e festividade. Por



tanto inclúe categorías profesionais de atención primaria e hospital, a modo de exemplo, inclúe categorías médicas, persoal facultativo especialista, enfermería e enfermería especialista, técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería, técnicos especialistas, persoal celador/a, persoal de xestión e servizos, e todas as demais categorías sanitarias e non sanitarias que realizan gardas como xornada complementaria ou ben atención continuada en xornada ordinaria, incluíndo tamén nos incrementos ao persoal de PAC e o persoal médico de Urgencias que se regulan por acordos específicos.

Os incrementos serán os seguintes:

1. Incremento do **7.9%** nas contías viventes de gardas médicas en días laborables.
2. Incremento do **7.9%** do complemento de nocturnidade.

O 50% do importe dos anteriores incrementos será aplicado a 1 de Xullo de 2023. O importe completo aboarase unha vez aprobados os orzamentos do ano 2024, con efectos 1 de xaneiro de dito ano 2024.

3. Incremento do **15.61%** das contías correspondentes a gardas en domingo ou festivo e complemento de festividade vinculada a atención continuada (inclúe persoal sanitario e non sanitario, médicos/as e enfermeiras de PAC e médicos/as de Urgencias Hospitalarias). O importe completo aboarase con efectos do 1 de Xaneiro de 2024.

4. Venres: A finalidade das melloras vai dirixida a promover a diminución de ausencias e a realización de xornada complementaria ou atención continuada en días de maior dificultade, incluído **a noite do venres no punto 3 anterior, pasando a considerarse noite pre festiva** nas categorías de persoal sanitario e non sanitario con atención continuada. O importe completo aboarase con efectos do 1 de Xaneiro de 2024.

5. Alta dedicación en xornada complementaria en gardas médicas: Así tamén, incrementarse o do valor de hora de xornada complementaria de alta prestación entendida como **5 gardas médicas/mes** en atención hospitalaria co prezo de 37 euros hora. O importe completo aboarase con efectos do 1 de Xaneiro de 2024.

## **B. Descansos e organización das gardas:**

1. Procederase a actualización normativa das gardas localizadas e das libranzas do persoal que ten este tipo de prestación así como do persoal residente en formación: iniciaranse os traballos de análise dos datos recibidos polas xerencias en canto a aplicación das libranzas de garda e tratamento das gardas localizadas coa finalidade de ditar unha normativa corporativa que vele pola seguridade e saúde dos/das traballadoras/es cara a tomar medidas efectivas que garantan os descansos diarios, festivos e semanais correspondentes ou, no seu caso, alternativos. Os resultados do estudo se levarán a mesa sectorial no mes de xuño.

### **C. Días de especial significación 24 e 31 decembro:**

Acórdase a ampliación de abono de módulos de compensación polo traballo realizado en xornada ordinaria os días de 24 a 31 de decembro como festivos, nas categorías que actualmente non as perciben e que traballan en queda de mañá ou tarde tanto na atención primaria como no hospital.

### **D. Quendas de tarde e deslizantes e turnicidade:**

Implantarase o complemento de turnicidade na atención primaria para quendas de tarde e deslizantes. Acordarase as condicións de aplicación no seo da mesa sectorial.

Así tamén, o complemento de turnicidade terá un incremento de 7,9% a aplicar en xaneiro de 2024.

### **E. Xornada laboral:**

Neste intre, unha vez realizado o estudo da xornada real e das consecuencias da redución, acordase aplicar unha redución paulatina de 112 horas sobre a xornada ordinaria de 37,5 horas, nas condicións seguintes:

No ano 2023: redución de 21 horas na xornada laboral ordinaria para o persoal con quenda fixa de mañá ou tarde regulada no acordo de concertación social 2001, así como tamén o persoal asimilable ao anterior nas condicións horarias, como o persoal de enfermería e PSX de atención primaria con postos de xornada de mañá, tarde ou deslizante. Esta redución da xornada ordinaria para o persoal anterior será aplicada na quenda de sábado (independentemente da cadencia de sábados que teñan asignada). De non ser posible a cobertura da redución de 3 sábados por falta de persoal de enfermería, aboarase a compensación correspondente por xornada complementaria. A redución de xornada anterior farase a partir do mes de xullo de 2023.

En canto ao persoal con horarios especiais e rotación en quendas, que estea incluído no ACS, así como tamén ao persoal PSX de PAC, seralle aplicada a redución neta de 21 horas sobre a xornada que resulte da táboa prevista no ACS, que xa teñan asignada. Esta mesma redución será aplicable na xornada ordinaria do persoal con acordos específicos como PAC, médicos/as de urxencias e residentes en formación.

Coas mesmas condicións anteriores procederase a redución paulatina nos anos seguintes:

No ano 2024: 49 horas.

No ano 2025: 42 horas

Este acordo pretende acadar unha redución total de 112 horas en este ano e os 2 anos seguintes, coa finalidade de igualar a dedicación en xornada do persoal de quenda fixa, por unha banda, e por outra a redución correspondente en xornadas especiais do persoal a quendas.

En Santiago de Compostela en data 20 de abril de 2023 e as 23 horas, dase por finalizada a reunión con acordo de todas as partes que figuran na acta e que son as seguintes:

Pola Administración:


Julio García Comesaña



Ana María Comesaña Álvarez



Margarita Prado Vaamonde



María José Montero Furelos




Mercedes Castro Seijas




Nieves Fiel Paz

Polas Organizacións Sindicais:


CIG




CCOO



CSIF



SATSE



UGT